

NORMAS XERAIS PARA EXPOSITORES

Artigo 1. Obxecto

As presentes normas ten por obxecto regular a zona de expositores da Feira **Camariñas o mar todo** do Concello de Camariñas que se desenvolverá do 17 ao 19 de agosto de 2018.

Este evento pretende promocionar os produtos, servizos e recursos relacionados coa ría e o mundo do mar, proporcionando un espazo de encontro para empresas, entidades e visitantes onde coñecer e gozar da vida e cultura mariñeira.

Artigo 2. Organización

A feira **Camariñas o mar todo** está organizada polo Concello de Camariñas con enderezo en praza de Insuela nº 57, 15123 Camariñas Tfn 981 737 004 e enderezo electrónico de contacto turismo@camarinas.net

Artigo 3. Localización, datas e horarios

A zona de expositores localizarase na Praza do Mercado e as rúas circundantes nos espazos que determine o Concello de Camariñas. O recinto contará con vixilancia nocturna durante as datas deste evento.

As datas de celebración serán do venres 17 ao domingo 19 de agosto

O horario ao público será:

Venres. De 17:00 a 21:00h

Sábado e domingo. De 11:00 a 21:00h

Artigo 4. Condicións de participación

1. Poderán solicitar a participación como expositor as persoas, empresas e entidades relacionadas co mundo do mar, náutico, pesqueiro e medioambiental así como artesanías, produtos agroalimentarios, conservas e empresas de servizos vinculadas ao mar e a cultura mariñeira que cumpran coas condicións de participación que se relacionan neste artigo.
2. Cada expositor poderá realizar as actividades de promoción, dinamización ou divulgación dos seus artigos ou servizos durante a feira, que desexe: obradoiros, exhibicións, degustacións etc . Informando á organización do tipo de actividade, horario, datas e calquera outro data que sexa necesario para a promoción e organización da mesma. Estas actividades serán por conta de cada expositor e se deberá coidar a seguridade en especial para menores de idade.
3. Cada expositor é responsable da observancia das disposicións legais ou regulamentarias aplicables á actividade que exerza, así como dos eventuais deterioros, defectos ou outras anomalías que podan xurdir nos produtos, bens ou servizos que

sexan comercializados por eles. Polo que as reclamacións dos consumidores e usuarios serán atendidas e se dirixiran a cada empresa ou entidade responsable da súa venda no recinto.

4. Cada expositor ten a obriga de decorar o seu stand ou espazo

Artigo 6. Stands e obrigas

1. Os stand/zona exposición serán proporcionados polo Concello de Camariñas gratuítamente. A montaxe, desmontaxe e decoración dos stand serán responsabilidade das empresas, persoas ou entidades expositoras.
2. Os artigos comercializados e/ou expostos deberá ter o prezo exposto ao público.
3. Os stand deben estar perfectamente montados antes da apertura oficial ao público.
4. O stand debe estar atendido continuamente por unha persoa responsable. Permanecendo aberto durante o horario oficial. No caso de ter que ausentarse do stand e non ter persoa que quede ao cargo da mesmo, deberá publicitar nun cartel a hora na que volverá a abrirse o posto.
5. Os expositores seleccionados recibirán instrucións do Concello de Camariñas sobre a zona de ubicación do stand e o horario de montaxe e desmontaxe do mesmo.

Artigo 5. Inscricións e selección de expositores

1. As inscricións efectuaranse na ficha de solicitude que se xunta a estas normas antes do día **30 de xullo de 2018 ás 14:00horas**. A entrega da solicitude poderá realizarse por calquera destes medios:
 - enviarse asinada ao Concello de Camariñas por correo electrónico ao enderezo adl@camarinas.net
 - Presencialmente nas oficinas da Casa de Pedra de Camariñas. Praza de Insuela S/N 15123 Camariñas.

A inscrición debe acompañarse de imaxes en jpg ou png do logotipo do expositor e dos artigos ou servizos que expoña. O Concello de Camariñas poderá solicitar información complementaria á inscrición para mellorar a organización e desenvolvemento deste evento

Artigo 6. Seguros e responsabilidades

A organización e o Concello de Camariñas conta cun seguro que cubrirá a actividade da organización da feira e disporá de vixilancia nocturna no recinto de exposición.

FICHA DE SOLICITUD DE PARTICIPACION

Datos de identificación

NOME DA
EMPRESA

Artigos/servizos
comercializa

Nome e apelidos

DATOS CONTACTO

Tfno.:

@

D/DNA _____ con DNI/NIF _____

SOLICITA participar na **FEIRA/EXPOSICION CAMARIÑAS O MAR TODO** organizada polo Concello de Camariñas e

DECLARA:

- Que **Acepta** as normas xerais para expositores.
- Que **remite** a adl@camarinas.net esta solicitude asinada e as seguintes imaxes en formato pdf/png alta calidade:
 - O logotipo da empresa/entidade
 - 2 imaxes en alta calidade correspondente ao produto/servizo a expoñer.
- Que
 - NON ten previsto realizar ningunha actividade de promoción no recinto feiral
 - SI ten previsto realizar algunha actividade de promoción e será/n

dia	Horario	Actividade
17 agosto		
18 de agosto		
19 de agosto		

- Que na decoración do stand contará con algúns aparellos ou elementos relacionados co mar, pesca ou cultura mariñeira que instalará no espazo que lle corresponda.

O que asina en _____ a ____ de _____ de 2018

Sinatura